



Estratexia gandeira: o Plan da Unión Europea para conseguir un sector máis eficiente, sostible e autosuficiente

A nova Estratexia gandeira da Unión Europea pretende modernizar e fortalecer o sector agroindustrial, reforzando a seguridade alimentaria e o desenvolvemento das zonas rurais. Estas accións complementaranse cun plan de acción sobre proteínas, orientado a aumentar a autosuficiencia europea na produción de proteínas vexetais para a alimentación animal.

Elena Fernández Rodríguez¹, Jesús Cantalapiedra Álvarez², José Hernández Malagón³, Mercedes Camiña García³, Pedro Santos Vaz⁴

¹Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Universidade de Santiago de Compostela (USC)

²Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela

³Facultade de Veterinaria, Universidade de Santiago de Compostela (USC), Lugo, España

⁴Escola Superior Agraria, Instituto Politécnico de Viana do Castelo (ESA-IPVC), Ponte de Lima, Portugal

A Estratexia gandeira xorde nun proceso de diálogo de máis dun ano no que participaron os Estados membros da Unión e unha ampla representación de gandeiros, agricultores, industrias agroalimentarias, comunidades científicas e sociedade civil.

Este Plan foi presentado en xullo deste ano pola Comisión Europea co obxectivo fundamental de garantir a viabilidade do sector e das comunidades rurais a medio e longo prazo, fortalecendo a resiliencia, a competitividade, a sostibilidade da gandería, a

seguridade alimentaria e a produción de alimentos de alta calidade baixo estritas normas ambientais e sanitarias.

CONTEXTO ACTUAL DO SECTOR GANDEIRO EN EUROPA

A importancia da gandería en Europa como xeradora de riqueza é incuestionable, xa que representa a día de hoxe aproximadamente o 40 % do valor engadido agrícola (con 400.000 millóns de euros de facturación anual), dando emprego a preto de 7 millóns de persoas en 4 millóns de explotacións (Comisión

Europea, 2026). Porén, malia seu valor estratéxico, enfróntase dende hai anos a importantes desafíos (táboa 1, páx. seg.).

PRIORIDADES DA ESTRATEXIA GANDEIRA

O conxunto de medidas que propón a Comisión Europea para conseguir que os granxeiros europeos sexan quen de adaptarse aos desafíos da gandería moderna englobáanse en cinco prioridades:

1. **A potenciación dun sector resiliente e preparado fronte ás crises**

► A IMPORTANCIA DA GANDERÍA EN EUROPA COMO XERADORA DE RIQUEZA É INCUESTIONABLE, XA QUE REPRESENTA A DÍA DE HOXE APROXIMADAMENTE O 40 % DO VALOR ENGADIDO AGRÍCOLA

mediante o reforzo da xestión de riscos a través de novos instrumentos de seguros e reaseguros, a mellora da prevención, a detección temperá e a resposta fronte a enfermidades animais, o incremento da resiliencia fronte ao cambio climático e a redución da dependencia de importacións estratéxicas (cun aumento evidente da soberanía alimentaria).

2. **A creación dun sector competitivo a nivel mundial**, mediante unha aposta clara pola innova-

ción, favorecendo a economía circular, a bioeconomía e o aproveitamento de biomasa, sen esquecerse de asegurar uns ingresos xustos para os gandeiros (introducindo o concepto de equidade económica no mundo rural). Estas medidas complementaranse coa promoción dunha harmonización internacional das normas de benestar animal e coas xestións para abrir novos mercados mediante a diplomacia agroalimentaria evitando a competencia desleal. ►►

Táboa 1. Desafíos económicos, sociais e medioambientais do sector gandeiro europeo

- Diminución da rendibilidade polo aumento dos custos de produción
- Volatilidade dos mercados
- Globalización do comercio coa conseguinte competencia desleal
- Aparición e propagación de enfermidades emerxentes debido ao cambio climático
- Aumento das exixencias sociais respecto ao tipo de vida dos animais (principalmente relacionadas co benestar animal)
- Implantación da dixitalización na xestión diaria das explotacións e de innovacións tecnolóxicas que se acompañan de grandes investimentos para non perder competitividade
- Desenvolvemento e aplicación de políticas medioambientais (verdes) moi exixentes en relación con outros países
- Excesiva burocracia e normativa a aplicar
- Despoboamento e falta de remuda xeracional
- Falta de diálogo e interlocución coas diferentes administracións asociada a unha sensación de abandono do sector
- Pouco coñecemento do mundo rural pola sociedade cada vez máis urbanita, acompañada dun crecente desprestixio do mundo rural e do consumo de produtos de orixe animal

Nuevo!



Soy eficiente o simplemente caro?

Ahora lo sabrás.





afimilk®
Automating Dairy Farms

Quieres asociarte con nosotros?

contacto: Nicolas Moitié, nicolas_m@afimilk.com



► A ESTRATEXIA SUPÓN UN EVIDENTE CAMBIO DE ENFOQUE E DE PRIORIDADES NA POLÍTICA COMUNITARIA AO CONSIDERAR A GANDERÍA COMA UNHA ACTIVIDADE FUNDAMENTAL E NON POÑER O FOCO PRINCIPAL DO DEBATE NA IDEOLOXÍA MEDIOAMBIENTAL COMO OCORRÍA NO PACTO VERDE

3. **O fortalecemento dun sector sostible e máis rendible**, adaptando as políticas de sostibilidade ás características de cada rexión, favorecendo as prácticas de mitigación do cambio climático, a mellora da xestión de nutrientes e o uso eficiente de recursos. Igualaranse nos diferentes países da unión os métodos comúns para o cálculo das emisións nas explotacións.
4. **A adaptación a todas as explotacións e rexións**. Este Plan pretende recuperar a produción gandeira sostible fortalecendo as cadeas de valor locais apoiando especialmente as rexións con alto risco de abandono rural. A implantación dos matadoiros móbiles ou de pequena capacidade para reducir o transporte de animais e o impulso á cooperación entre agricultores e gandeiros son algunhas das accións que se citan neste pilar.

5. **A consecución da excelencia na produción gandeira**. Europa produce produtos de gran calidade que é necesario potenciar e poñer en valor creando un sistema europeo de excelencia para recoñecer estes altos estándares. Para iso, mellorarase a etiquetaxe na orixe e promoveranse produtos sostibles mediante campañas de divulgación, impulsando as diferentes indicacións xeográficas e a produción ecolóxica.

Complementando a Estrategia gandeira, desenvolveuse tamén o Plan de Acción sobre Proteínas que busca reducir a dependencia exterior e aumentar a produción europea de proteínas vexetais para alimentación animal co obxectivo de pasar do 25 % de produción interna en 2025 ao 35 % en 2035 mediante a innovación, o investimento e a diversificación alimentaria.

En liñas xerais, a maior parte do mundo rural (asociacións, sin-

Táboa 2. Obxectivos estratéxicos adicionais

- Reducir a dependencia de materias primas importadas
- Favorecer o uso de recursos nacionais e circulares
- Diminuír as emisións contaminantes
- Manter a seguridade alimentaria
- Mellorar o benestar animal
- Atraer as novas xeracións ao sector gandeiro

dicatos, industrias etc.) valora positivamente os cambios que esta estratexia quere implementar nos vindeiros anos na gandería europea e na consecución dos obxectivos estratéxicos adicionais (táboa 2).

A Estrategia supón un evidente cambio de enfoque e de prioridades na política comunitaria ao considerar a gandería coma unha actividade fundamental e non poñer o foco principal do debate na ideoloxía medioambiental como ocorría no Pacto Verde. Trátase de conseguir explotacións sostibles e suficientemente rendibles para manter con vida o campo e, ao mesmo tempo, capaces de manter a poboación europea alimentada. Porén, as críticas ao plan céntranse na falta de concreción do financiamento á espera das negociacións sobre a Política Agraria Común (PAC) e o Marco Financeiro Plurianual (MFP) e do desenvolvemento de medidas concretas, como é o caso do apoio económico necesario para afrontar os investimentos derivados das novas exigencias de benestar animal, a simplificación dos permisos agrícolas ou a revisión da Directiva de nitratos. ■

BIBLIOGRAFÍA

Asoprovac (2026). Análisis de la Estrategia ganadera. Disponible en: <https://www.asoprovac.com>

Comisión Europea (2026). Estrategia ganadera de la Unión Europea. COM(2026) 576 final, 07.07.2026. Disponible en: <https://ec.europa.eu/commission>

Eurocarne Digital (2026). Copa-Cogeca pide más concreción en la Estrategia ganadera de la UE. Disponible en: <https://eurocarne.com/noticias/codigo/71374/kw/Copa-Cogeca>

Info Europa (2026). Estrategia ganadera de la UE. En: Actualidad. Disponible en: <https://infoeuropa.uv.es>